

A modalización nas noticias

A subxectividade da persoa xornalista
nun xénero
informativo



O emisor das noticias nunca emprega a 1ª persoa nin amosa abertamente a súa postura, mais pode transmitir a súa actitude ante os feitos. Debemos saber identificar esas modalizacións para que non nos condicionen o coñecemento da realidade.



Entre os mecanismos non lingüísticos para transmitir subxectividade destaca o apoio gráfico con imaxes suxestivas.

Así, por exemplo, unha mesma noticia sobre un político recíbese con ben diferentes impresións segundo a foto sexa familiar, en actitude agresiva ou con acenos interpretábeis. Compara:



Os recursos lingüísticos de modalización son moi variados. Entre eles están:

- Adxectivos, adverbios de modo e locucións valorativos.**
 - furibundo, estupendo, grandioso, magnífico, decepcionante, pésimo, cruel...
 - lamentablemente, felizmente...
- Escolla léxica de substantivos e verbos con valor positivo ou negativo.**
 - éxito, logro, fracaso, ridículo...
 - rebentar, imponer, triunfar, someterse...
 - retagarda, implacable, atacar...

Exemplos de titulares reais claramente valorativos:

Telefónica e Xunta prometen en campaña crear 500 empregos tras destruíren 1.600 traballos

Dimite por fin o alcalde de Ourense ao quedar sen apoios

Machetada á Lei de Dependencia

Exemplo de modalización no corpo dunha nova.

Rouban cinco mil quilos de xeo de glaciar

O feito ocorreu en Chile, onde a Policía logrou deter o camión que os delincuentes usaban para transportar, en grandes bolsas de plástico, o cargamento.

01 / FEBREIRO / 2012 PABLO DE VALDIVIA, AXENCIA EFE

A policía chilena incautou nun camión frigorífico 5.200 quilos de xeo do glaciar Jorge Montt, produto dun insólito roubo cuxo botín se ía destinar, segundo os primeiros indicios, a arrefriar licores en bares e restaurantes. "É a primeira vez que se denuncia unha situación destas características", asegurou hoxe a Efe o fiscal rexional de Aysén, José Moris. (...)

Avisados de que o xeo se cargara nun camión en Caleta Tortel, carabineiros da comisaría de Cochrane, a 2.040 quilómetros ao sur de Santiago, dispuxeron un control ás aforas desa localidade para poder revisar o vehículo, no que acharon o indecente botín. Os axentes detiveron o chofer do camión e requisaron o cargamento, que estaba gardado en grandes bolsas de plástico.

Ademais do anterior, tamén podemos atopar:

- **Ocultación da realidade**

Por exemplo, mediante eufemismos: danos colaterais (en vez de matanzas de civís), asentamento (no canto de invasión), etc.



- **Manipulación da realidade**

Presentar a normalización da lingua como imposición, a vítima como verdugo...



- **Noticias falsas (fake news)**

